

► Que obxectivos ten?

O fomento da **sensibilización** a prol dunha mellor xestión dos recursos e dos refugallos a través de accións formativas dirixidas tanto ao público escolar como adulto.

O fomento do **ahorro nos custos económicos de tratamento** de refugallos urbanos e domésticos do municipio.

A contribución na **redución da pegada ecolóxica** do municipio, mellorando as boas prácticas sobre consumo responsable, reciclaxe e reutilización.

Na **“Aula Dabaixo”** hai varias exposicións:

► **Os 3Rs**: Esta exposición afonda no concepto dos “3Rs”, que pretende mudar os nosos hábitos de consumo, facéndoos responsables e sostibles, dando prioridade á redución do volume de refugallos xerados.

► **A Historia da Reciclaxe**: O lixo é tan antigo como a Historia da Humanidade, polo que aquí se realiza un percorrido pola historia da reciclaxe e a reutilización dos refugallos.

► **O Ciclo do Lixo**: Resulta moi interesante entender como se xestionan os refugallos, o camiño que percorren, modelos alternativos implantados noutros territorios e como percibir o lixo como un recurso.

► **Recicla na Rúa**: Sabemos que refugallos van en cada colector? No patio exterior do edificio atópanse distintos colectores de lixo e unha área de compostaxe.

Na **“Aula D arriba”** atoparás unha aula habilitada para visionar audiovisuais, un punto de acceso a internet, unha sala de xogos e xoguetes, unha pequena cociña e a exposición “Os Nosos Refugallos”. Nesta exposición móstranse os distintos refugallos que xeramos día a día e como debemos separalos correctamente nas nosas vivendas.



VISITA A ECOESCOLA AS CAMPEIRAS EN:

www.auladareciclaxe.es




► Que é?

A **Aula da Reciclaxe “ECOescuela As Campeiras”** é un punto de referencia local e comarcal sobre a cultura da reciclaxe e da educación ambiental da poboación.

► Que podes atopar na ECOescuela?

A Aula da Reciclaxe “ECOescuela As Campeiras” está dividida en dúas plantas:

PLANTA BAIXA



- 1 Entrada
Historia da Escola das Campeiras
- 2 **Aula Dabaixo**
 - Recepción de grupos
 - Os 3Rs / Exposición
 - Ciclo do lixo / Exposición
 - Historia da reciclaxe / Exposición
- 3 Aseo adaptado
- 4 Patio Exterior / RECICLA NA RÚA

PRIMEIRO ANDAR



- 5 Os refugallos no teu concello / Exposición
- 6 Os datos do lixo nas Pontes
- 7 **Aula D arriba**
 - Os nosos refugallos / Exposición
 - Área de xogos e xoguetes
 - Punto Tecnolóxico (TIC)
 - Área Multiusos
- 8 Aseo
- 9 Cociña / RECICLA NA CASA

▷ OS 3 RS / REDUCE

SE REDUCIMOS O NOSO CONSUMO, TANTO DE BENS MATERIAIS COMO ENERXÉTICO, ESTAMOS TAMÉN REDUCINDO O PROBLEMA



COMO O FACEMOS?

Mercando **produtos locais**

Acostumándonos a adquirir **produtos sen empacotar**, rexeitando aqueles que veñan, por exemplo, en bandexas de plástico

Escollendo materiais reutilizables e con recambio, e rexeitando hábitos nocivos como o de “usar e tirar”



▷ OS 3 RS / REUTILIZA

A MAIORÍA DOS BENS PODEN TER MÁIS DUNHA VIDA ÚTIL, ARRANXÁNDOOS OU UTILIZANDO A IMAXINACIÓN PARA DARLLES OUTRO USO




COMO O FACEMOS?

Evitando vasos, pratos ou cuncas dun só uso

Adquirindo **produtos de segunda man**

Levando da casa unha **bolsa para ir mercar**

Dándolle unha **nova vida aos produtos**: usando botes de cristal, pintando esa cadeira vella, doando libros, etc.



▷ OS 3 RS / RECICLA

A RECICLAXE CÉNTRASE EN TRATAR OS REFUGALLOS CON FIN DE OBTEN NOVOS PRODUTOS, PRESERVANDO MATERIAIS POTENCIALMENTE ÚTILES E EVITANDO ASÍ O DANO MEDIOAMBIENTAL QUE CONLEVA A SÚA ELIMINACIÓN



COMO O FACEMOS?

Depositando envases de plástico, latas e briks no **colector amarelo**

Introducindo papel e cartón no **colector azul**

Utilizando o **iglu verde** para depositar botellas, frascos e tarros de vidro

Depositando as pilas nos seus **colectores específicos**

Levando os restos de menciñas aos **puntos SIGRE** nas farmacias

Se tes horta ou xardín, cos restos orgánicos podes facer compost ecolóxico nunha **composteira**

Achegando o resto de materiais que non teñen cabida nos colectores de recollida selectiva ao **colector xenérico ou de cor verde**

Trasladando refugалlos perigosos, mobles, equipos electrónicos, roupa ou electrodomésticos ao **Punto Limpo***



LEMBRA!

Reduce, Reutiliza e Recicla



*O **Punto Limpo** nas Pontes está ubicado no Polígono dos Airíos, e ten o seguinte horario:

De luns a venres de 11:00h a 14:00h e de 17:00h a 20:00h
Sábados de 11:00h a 14:00h
Teléfono de contacto 667129360